

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 25 de febreiro de 2008 pola que se convocan unidades de competencia e prazas para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional, e se determina o correspondente procedemento experimental.

Advertido erro na devandita orde, publicada na páxina 4.434 e seguintes do *Diario Oficial de Galicia* número 52, do xoves 13 de marzo de 2008, cómpre facer a oportuna corrección.

Publicouse erroneamente baixo a epígrafe «IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS», cando debe situarse baixo a epígrafe «III. OUTRAS DISPOSICIÓNS».

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, e se convocan para o ano 2009.

A orde da Consellería do Medio Rural do 13 de marzo de 2009 (DOG número 53, do 17 de marzo) establece as bases e a convocatoria para 2009 para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros.

No seu artigo 21.1º indícase que o financiamento das axudas previstas nesta orde procede do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e que se fará de conformidade co artigo 3 do Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello, do 21 de xuño, sobre o financiamento da política agrícola comunitaria con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.713-D.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 e con fondos transferidos do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, de acordo co previsto no Real decreto 244/2009, do 27 de febreiro.

Unha vez asinados os ditos fondos na Conferencia sectorial do 6 de xullo de 2009, de acordo co establecido no artigo 11 do citado real decreto, considérase oportuno ampliar o importe da dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no

uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPÓÑO:

Artigo único.-*Obxecto.*

Amplíase a dotación orzamentaria que se establece no artigo 21.1º da Orde do 13 de marzo de 2009 (DOG número 53, do 17 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros, e se convocan para o ano 2009.

O incremento da dotación será con cargo á aplicación orzamentaria 49.04.713D.782.0 por un importe de 1.188.065 euros.

En todo caso, a concesión das axudas reguladas na mencionada orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.-A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na mencionada Orde do 13 de marzo de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

Resolución do 27 de agosto de 2009, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se lle dá publicidade á lista de beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2008 pola que se establecen e se regulan axudas para a conservación e recuperación das poboacións de coello de monte autóctono, e se convocan para o ano 2009.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 78.8º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no artigo 14 da Orde do 19 de decembro de 2008 pola que se establecen e regulan axudas para a conservación e recuperación das poboacións de coello de monte autóctono e se convocan para o ano 2009, procédese mediante esta resolución á publicación do extracto das axudas outorgadas pola Consellería do Medio Rural ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2008 pola que se establecen e regulan axudas para a con-